

MATERIA
Historia Económica Mundial

TITULACIÓN
Grao en Economía

unidade
didáctica
3

A primeira globalización, a segunda industrialización e a gran diverxencia (1870-1914)

Pedro Varela Vázquez
María del Carmen Espido Bello

Historia e Institucións Económicas
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-

ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2020

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

ISBN

978-84-18445-35-4

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788418445354>

MATERIA: Historia Económica Mundial

TITULACIÓN: Grao en Economía

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. As relacións económicas previas á Primeira Revolución Industrial

O desenvolvemento económico na Europa medieval

Mercantilismo e capitalismo comercial na Idade Moderna (s. XVI-XVIII)

Unidade II. A Primeira Revolución Industrial (1760-1860)

A xénese e interpretacións da Primeira Revolución Industrial

As vantaxes competitivas de Gran Bretaña

As innovacións tecnolóxicas e as fábricas

O papel desempeñado polos factores de produción

Unidade III. A primeira globalización, a segunda industrialización e a gran diverxencia (1860-1914)

A breve experiencia librecambista e os cambios na política comercial

O imperialismo e a gran diverxencia

A segunda industrialización. Os cambios produtivos, institucionais, comerciais e organizativos

A caída dos prezos dos transportes e a globalización

As reaccións antiglobalización

Unidade IV. O sistema financeiro e monetario (1860-1914)

A evolución do sistema financeiro durante o século XIX

Os sistemas monetarios e a súa evolución. Cara ao predominio do patrón ouro

Unidade V. A economía no período de entreguerras

A I GM e os seus efectos no modelo de crecemento da década de 1920

A gran depresión da década de 1930 e as bases para a II GM

Unidade VI. A idade de ouro do capitalismo e do comunismo (1945-1973)

As consecuencias económicas e xeopolíticas da II Guerra Mundial

As novas estratexias económicas do mundo occidental e das economías planificadas

O proceso de integración europeo

Unidade VII. A economía mundial dende 1973

A crise económica de 1973

A segunda globalización e o comercio internacional (1980-2010)

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción
2. A breve experiencia librecambista e os cambios na política comercial
3. O imperialismo e a gran diverxencia
4. A segunda industrialización. Os cambios produtivos, institucionais, comerciais e organizativos
 - 4.1. Principais trazos e difusión
 - 4.2. As transformacións comerciais
 - 4.3. Os novos trazos organizativos e produtivos
5. A caída dos prezos dos transportes e a globalización
6. As reaccións antiglobalización

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA


PRESENTACIÓN

A unidade didáctica «A primeira globalización, a segunda industrialización e a gran diverxencia (1870-1914)» pertence á materia Historia Económica Mundial, correspondente ao primeiro curso do Grao en Economía. Segundo o plan de estudos da titulación (BOE n.º 56, de 5 marzo de 2010), esta disciplina ten carácter de formación básica. A súa carga lectiva é de 6 créditos ECTS e impártese no segundo semestre.

A materia Historia Económica Mundial ten como finalidade aproximar o alumnado á visión histórica da evolución económica mundial, así como aos mecanismos institucionais e tecnolóxicos que inciden nos procesos de crecemento económico. Asemade, pretende dotalos das destrezas e habilidades requiridas para entender o proceso de configuración do sistema económico contemporáneo.

A programación docente da materia Historia Económica Mundial está formada por sete unidades didácticas, como se indica na Figura 1. Aquí preséntase a terceira unidade didáctica, na que se estuda a Segunda Revolución Industrial, as causas da primeira globalización e o seu impacto nas diferentes economías. Abórdase, así mesmo, a influencia do imperialismo na especialización produtiva e na gran diverxencia. Finalmente, examínanse as causas da crecente diverxencia entre as economías desenvolvidas e os países pobres. Os contidos desta unidade didáctica impártense en 7 horas; 5 de interactivas e 2 de expositivas.

Figura 1: Programación docente da materia Historia Económica Mundial



Fonte: Elaboración propia

En relación ao resto de unidades didácticas desta materia, a primeira delas realiza unha aproximación ás principais características e dinámicas na evolución das economías preindustriais, con especial fincapé na Europa medieval e na Idade Moderna. A segunda analiza a Primeira Revolución Industrial, atendendo aos factores institucionais e tecnolóxicos que facilitaron o seu desenvolvemento, ás principais innovacións organizativas e técnicas que caracterizaron este período e aos sectores e rexións protagonistas desta revolución. Ademais, estúdase o papel desempeñado polos factores de produción. A cuarta examina o sistema financeiro e monetario durante a primeira globalización, cun especial fincapé no sistema bancario e o patrón ouro. A quinta céntrase no período de entreguerras, caracterizado pola elevada inestabilidade económica, política, social e polos retrocesos nos procesos de internacionalización. Deste período examínanse os efectos da Primeira Guerra Mundial no modelo de crecemento da década de 1920 e a gran depresión de 1929. Posteriormente, a sexta indaga na estrutura institucional xurdida da Segunda Guerra Mundial e nas bases socioeconómicas que permitiron un crecemento notable das economías capitalistas e de planificación centralizada ata a primeira crise do petróleo do ano 1973. Finalmente, a sétima unidade didáctica analiza as crises económicas que afectaron ao sistema económico mundial dende a crise do petróleo, as transformacións produtivas, así como a segunda globalización e os seus efectos socioeconómicos nas distintas rexións do mundo.

Esta unidade diríxese ao alumnado de primeiro curso de Grao en Economía matriculado na materia. Asemade, pode resultar de utilidade para o profesorado que imparte docencia tanto neste curso, como en cursos posteriores, xa que aporta información precisa dos contidos abordados nesta materia e das actividades realizadas. Así, pode servir como instrumento para a coordinación de materias, buscando sinerxías que resulten nunha formación máis integral e que eviten o solapamento de contidos que non supoñan un reforzo da formación.

OBXECTIVOS

A materia Historia Económica Mundial, impartida no primeiro curso do Grao en Economía, constitúe a primeira aproximación aos fundamentos teóricos e metodolóxicos para entender os procesos de cambio económico no pasado e a súa influencia no presente. Deste modo, os obxectivos da materia son os seguintes:

- **obxectivo xeral 1:** Presentar unha visión histórica da evolución económica do mundo;
- **obxectivo xeral 2:** Acadar unha comprensión do proceso de formación do mundo contemporáneo, valéndose do instrumental conceptual procedente da teoría económica e dos métodos cuantitativos, na perspectiva temporal propia da análise histórica;
- **obxectivo xeral 3:** Percibir os mecanismos do crecemento económico, entre os que destacan os cambios institucionais e as innovacións tecnolóxicas;
- **obxectivo xeral 4:** Proporcionar coñecementos sobre a evolución da economía no pasado que poidan facilitar a comprensión do mundo actual.

As competencias da titulación ás que contribúe a materia son as seguintes:

- **competencia xeral 1:** Coñecer e comprender os principios básicos da economía e da historia económica;
- **competencia xeral 2:** Orientar o proceso de aprendizaxe dende unha perspectiva interdisciplinaria;
- **competencia xeral 3:** Recoller e manexar información relevante de fontes bibliográficas, documentais e estatísticas;
- **competencia xeral 4:** Iniciarse na elaboración e presentación oral e escrita de informes e traballos;
- **competencia xeral 5:** Participar no traballo en equipo.

Pola súa banda, as competencias específicas desta materia son as seguintes:

- **competencia específica 1:** Acadar unha comprensión do proceso de configuración do mundo contemporáneo, valéndose do instrumental conceptual procedente da historia económica, da teoría económica e dos métodos cuantitativos para a análise da realidade social e económica, todo isto na perspectiva temporal propia da análise histórica;
- **competencia específica 2:** Desentrañar os mecanismos da evolución da economía, manifestos, especialmente, nos cambios na organización económica e nas grandes transicións tecnolóxicas da humanidade;
- **competencia específica 3:** Coñecer a relación entre os sucesos ocorridos no pasado e as súas consecuencias actuais.

A terceira unidade didáctica estuda os cambios produtivos, institucionais, comerciais e organizativos correspondentes á Segunda Revolución Industrial. Asemade, analiza o fenómeno da gran diverxencia, xurdido entre aquelas economías que se industrializaron nese período e as que non. Ao abeiro da Segunda Revolución Industrial, da revolución dos transportes e do imperialismo; xurdiu a primeira globalización, proceso examinado tamén nesta unidade didáctica. Finalmente, abórdanse as principais reaccións antiglobalización, fundamentalmente vinculadas aos intercambios comerciais e aos movementos migratorios. Tendo en conta os obxectivos propostos nesta unidade, á súa finalización o alumnado deberá ser capaz de:

- **obxectivo 1:** Coñecer as características principais da Segunda Revolución Industrial;
- **obxectivo 2:** Comprender as causas da primeira globalización;
- **obxectivo 3:** Entender como puido afectar a primeira globalización ás diferentes economías;
- **obxectivo 4:** Considerar as influencias do imperialismo sobre a gran diverxencia;
- **obxectivo 5:** Comprender as causas do incremento da brecha entre as economías capitalistas desenvolvidas e os países pobres;
- **obxectivo 6:** Analizar as posibilidades do proceso de industrialización para mellorar o nivel de vida dos traballadores.

Os obxectivos desta unidade didáctica contribúen a que o alumnado acade os obxectivos 1, 2, 3 e 4 desta materia; as competencias xerais 1, 2 e 3; e as competencias específicas 1, 2 e 3.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Seguindo o modelo do Espazo Europeo de Educación Superior, para o ensino da materia combinaranse as clases expositivas coas interactivas, sendo complementadas coas titorías e a formación de grupos de traballo tutelados.

As clases expositivas constitúen necesariamente o eixo central para o desenvolvemento do programa docente. Ao longo destas sesións, intercalaranse cos contidos teóricos situacións reais, apoiándose en gráficos, imaxes, estatísticas ou outro tipo de material. En todo caso, as explicacións do profesorado débense acompañar coa participación activa do alumnado, mediante lecturas e sesións de debate. O método afirmativo, tanto expositivo como demostrativo, combinarase co método de elaboración interrogativo. Dada a limitación temporal para impartir a materia, o método de elaboración por descubrimento só se empregará nalgunha actividade interactiva.

O programa desenvolvido nas clases expositivas coordínase coas sesións interactivas, que permiten analizar cun maior detalle os contidos mostrados previamente. A modo de exemplo, o alumnado poderá reflexionar sobre estes contidos mediante a lectura de textos seleccionados polo docente e o seu comentario crítico e debates posteriores na aula. Ademais, os debates que relacionen os contidos con temas de actualidade socioeconómica tamén constitúen unha ferramenta esencial para a asimilación do coñecemento e a capacidade de construción de argumentos coherentes e fundados. Asemade, os exercicios de carácter cuantitativo ou cualitativo permiten poñer en práctica os coñecementos teóricos adquiridos previamente.

O traballo en equipo constitúe unha das competencias clave que se pretende acadar con esta materia. Polo tanto, nas actividades propostas para as sesións interactivas combinarase o traballo individual co grupal. Neste sentido, a composición dos grupos variará en función da tipoloxía de actividades.

En definitiva, o conxunto de actividades propostas presenta unha tripla finalidade:

- Promover que o alumnado sexa partícipe da construción do coñecemento, adoptando unha actitude reflexiva, crítica e con valores éticos;
- Potenciar o uso de libros, revistas, bases de datos e, en xeral, do material dispoñible nas bibliotecas ou webs;
- Conseguir a adquisición das capacidades para a argumentación oral coherente e fundamentada nos coñecementos da ciencia económica, así como a redacción individual ou en grupos de traballos, informes, etc.

Por outra banda, o alumnado contará co apoio e orientación do profesorado, tanto para a realización das distintas actividades como para calquera outra consulta ou dúbida relacionada coa materia. Neste sentido, as titorías son un sistema pedagóxico complementario destinado a facilitar a comunicación e o intercambio de opinións entre o profesorado e o alumnado. O seu obxectivo esencial é constituírse nunha continuación das clases, permitindo resolver as dúbidas que non quedasen suficientemente clarificadas na clase e, sobre todo, guiar ao alumnado nos traballos que estean desenvolvendo ou propoñer extensións e ampliacións dos temas tratados nas clases ou a súa aplicación a outros contextos. Ademais, a titoría pode

constituír unha boa fonte de información xeral sobre como se está desenvolvendo o curso. As cuestións que se presenten repetidamente nas titorías son indicativas do interese do alumnado por estes temas, ou ben das deficiencias na comprensión. No primeiro caso, podería servir para identificar temas nos que lles interesa afondar para o que se podería organizar algunha actividade complementaria como a realización dalgún seminario. Trataríase dunha actividade encamiñada a complementar as clases para abordar temas moi específicos ou novidosos que non estean contidos no programa xeral.

O Campus Virtual desempeñará a función de complemento docente ás sesións presenciais, así como un instrumento de titorización e de intercambio de ideas. Nesa plataforma, ademais de contar co material empregado nas clases expositivas e a descrición das tarefas e composición dos grupos para as actividades interactivas, o alumnado terá á súa disposición material complementario, ligazóns de interese ou información sobre conferencias relacionadas coa materia. Ademais, promoverase a utilización dos foros para o comentario de noticias vinculadas coa historia económica, así como de vídeos, ou para debater sobre temas actuais relacionados coa disciplina. A maiores do exposto anteriormente, o docente pode fomentar a asistencia a eventos de difusión económica, como conferencias ou presentacións de libros, que permitan ao alumnado coñecer de primeira man diferentes perspectivas sobre temas actuais.

OS CONTIDOS BÁSICOS

Esta unidade didáctica introduce ao alumnado ás características da Segunda Revolución Industrial, así como ás causas e consecuencias da primeira globalización e da gran diverxencia. Asemade, analiza as reaccións antiglobalización provocadas polo incremento dos intercambios comerciais e os fluxos migratorios.

1. Introducción

En primeiro lugar, presentaranse os obxectivos e contidos do tema, facendo un especial fincapé nas motivacións para estudar este período e nas preguntas que se queren responder ao longo do tema. Neste sentido, tratarase de responder ás seguintes cuestións: cal foi o contexto e as características que definen a Segunda Revolución Industrial?; cales foron as causas da primeira globalización?; como afectou a globalización ás diferentes economías?; que papel xogou o imperialismo e que influencia tivo sobre a gran especialización e a gran diverxencia?; por que aumentou a brecha entre as economías capitalistas desenvolvidas e as economías subdesenvolvidas?; mellorou a industrialización o nivel de vida da clase traballadora?

A continuación, formularanse unha serie de cuestións iniciais para avaliar o nivel de coñecementos previo do alumnado sobre o contexto xeral histórico e as dinámicas económicas do período temporal obxecto de estudo. Tras coñecer as respostas do alumnado, iranse expoñendo os contidos desta unidade didáctica para poder responder a esas cuestións dun modo fundamentado.

2. A breve experiencia librecambista e os cambios na política comercial

A economía e o comercio internacional sufriron unha serie de cambios, dende finais do século XVIII e na primeira metade do século XIX, que permitiron unha expansión do librecambismo en detrimento das políticas de corte mercantilista imperantes anteriormente en Europa e nas súas colonias (Findlay e O'Rourke, 2007).

En primeiro lugar, a Revolución Industrial inglesa permitiu elevadas ganancias de produtividade nas manufacturas, pero tamén unha redución de custos nos transportes que facilitou o comercio. En segundo lugar, a Revolución Francesa de corte burgués de 1789 e a súa difusión por Europa, a través das guerras napoleónicas, foron eliminando os vestixios feudais existentes, así como as políticas mercantilistas e os monopolios comerciais das metrópoles coas colonias. Asemade, a Revolución Francesa, conxuntamente coa independencia dos EUA (1776), supuxeron un exemplo a seguir por parte das colonias americanas de España e Portugal. Desta maneira, as novas repúblicas independentes terían liberdade para comerciar e recibir investimentos doutras economías distintas das antigas metrópoles.

En relación aos factores produtivos, o terceiro cambio constitúe a progresiva abolición do comercio de escravos, que tivo como fito o ano 1807, cando o goberno británico o prohibiu entre as súas colonias. Isto provocou que as economías americanas tivesen que recorrer ao traballo asalariado, incrementando os incentivos para a introdución de melloras técnicas que aumentasen a produtividade laboral ou o aforro de man de obra, así como o fortalecemento do carácter inclusivo do mercado laboral (Acemoglu e Robinson, 2012).

O crecemento da produción requiría mercados máis amplos que os nacionais para colocar os produtos elaborados e adquirir as materias primas necesarias. Isto impulsou o librecambismo, animado inicialmente polos países en situación de vantaxe competitiva, especialmente o Reino Unido (Bairoch, 1989). Neste sentido, durante o século XIX, gran parte dos países europeos e EUA estábanse industrializando, polo que durante ese proceso defenderon as súas industrias nacentes a través da política arancelaria. Porén, cando acadaron unha posición consolidada de desenvolvemento industrial foron adoptando o librecambismo. Este fenómeno foi denominado por Chang (2002) a política de retirar a escaleira ou *kicking away the ladder*. Fóra de Europa, os países europeos dificultaron que as súas colonias se industrializasen. Incluso moitos países independentes tiveron que aceptar tratados comerciais desfavorables que os deixaban sen apenas protección ante as importacións manufactureiras baratas de Europa. A única excepción a esta tónica foi EUA, que puido manter unha política de carácter proteccionista e que, grazas ao tamaño do seu mercado nacional, conseguiu ascender a primeira potencia mundial.

A abolición da lei de cereais en 1846 na economía británica e o tratado comercial Cobden-Chevalier de 1860 entre Reino Unido e Francia representaron fitos relevantes nesta tendencia librecambista e o seu triunfo sobre o mercantilismo. Non obstante, cara á década de 1880, produciuse un certo retorno a un proteccionismo moderado, incluso no país máis librecambista, o Reino Unido, os empresarios británicos comezaron a esixir ao seu goberno protección fronte ás importacións industriais, o que denotaba xa unha perda de competitividade das súas manufacturas (Comín, 2011).


3. O imperialismo e a gran diverxencia

O imperialismo constituíu un fenómeno socioeconómico e militar xurdido pola asimetría de forzas entre as potencias europeas e o territorio colonizado por elas. Así mesmo, o imperialismo representou un factor que promoveu a crecente globalización, posto que forzou ás colonias a eliminar as barreiras arancelarias, así como a unha redución considerable dos aranceis naqueles estados independentes sen suficiente poderío económico e militar (Findlay e O'Rourke, 2007).

A difusión da Revolución Industrial polo continente europeo e nas ex-colonias inglesas provocou un crecemento económico sostido e diferencial con respecto a aquelas economías que non se industrializaron. A este aumento da brecha entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos, causado pola extensión da Revolución Industrial, chamóuselle a gran diverxencia (Maddison, 2002). De feito, entre 1750 e a Primeira Guerra Mundial, China e India sufriron un proceso de desindustrialización (Chang, 2002; Williamson, 2012).

Neste punto cómpre preguntarse se a industrialización dos países do norte e a globalización contribuíron a atrasar o crecemento dos países do sur. Por unha banda, a escola pesimista sostén que a industrialización dos países do norte inundou os mercados de manufacturas baratas, o que arruinou as industriais locais. As industrias nacentes nos países pobres aínda non emerxeran ou non estaban suficientemente consolidadas (argumento da industria nacente). Asemade, a especialización dos países pobres na exportación de produtos primarios que presentaban un gran dinamismo puido provocar a súa desindustrialización (mal holandés). Por outra banda, o desenvolvemento dos mercados dos países ricos, proporcionou unha oportunidade para a exportación de materias primas e unha fonte de importación de capital. Como afirman Findlay e O'Rourke (2007) e Acemoglu e Robinson (2012), os factores institucionais en cada país fixeron que algúns aproveitasen este novo contexto globalizado para industrializarse e outros non, debido a barreiras á industrialización. Na Figura 2 resúmense os anteriores argumentos.

Figura 2: O papel desempeñado pola primeira globalización no proceso de industrialización dos países subdesenvolvidos



Fonte: Elaboración propia baseada en Findlay e O'Rourke (2007) e Williamson (2012)

En todo caso, naqueles países, como os tropicais, que no momento da primeira globalización apenas se industrializaran, o efecto das exportacións de produtos primarios puido ser netamente positivo. Ademais, para a existencia do mal holandés terían que estar todos os factores de produción empregados case na súa totalidade, punto que distaba de ser certo (Findlay e O'Rourke, 2007).

4. A segunda industrialización. Os cambios produtivos, institucionais, comerciais e organizativos

A Segunda Revolución Industrial caracterizouse por unha serie de cambios organizativos e produtivos, aos cales se adaptaron con maior rapidez Alemaña e EUA, iniciándose o denominado climaterio británico. Nesta epígrafe abórdanse os principais trazos e o seu proceso de difusión, así como as mudanzas máis centrais con respecto á Primeira Revolución Industrial:

4.1. Principais trazos e difusión

A Segunda Revolución Industrial xurdida no último terzo do século XIX caracterizouse pola emerxencia e consolidación dun paradigma tecnolóxico que estaría imperante ata a súa crise a comezos da década de 1970. Este segundo proceso industrializador difundíuse máis alá de Gran Bretaña, e supuxo o progresivo declive de tecnoloxías, sectores e de sistemas de organización imperantes durante a Primeira Revolución Industrial.

Durante este período, pódense sinalar os seguintes trazos (Feliu e Sudriá, 2013):

- Aparición de técnicas máis eficientes para a obtención de insumos máis baratos. O aceiro ou o aluminio representan bos exemplos;

- Comercialización de substitutivos de produtos naturais escasos ou caros. Por exemplo, os derivados do caucho;
- Introducción de novas fontes de enerxía. Por exemplo, pódese citar a substitución progresiva do carbón por derivados do petróleo, o que implicou a substitución da máquina de vapor polo motor de combustión. Asemade, a electricidade constituíu outra nova fonte enerxética, permitindo diversas aplicacións nos eidos da iluminación, da electroquímica ou dos motores;
- Xurdimento dos grandes conglomerados industriais nos sectores en auxe. Neste sentido, a figura do empresario-empendedor que definiu a Primeira Revolución Industrial deu paso a grandes empresas nos sectores en auxe. As necesidades de capital nos novos sectores caracterizados polas economías de escala crecentes implicaba a necesidade de novas vías de financiamento e de organización empresarial. A isto hai que sumarlle o incremento na complexidade das tecnoloxías empregadas con respecto á Primeira Revolución Industrial;
- Aparición de novos sistemas de organización dos procesos produtivos e da forza de traballo. A aplicación da organización científica do traballo permitiu unha maior eficiencia nos procesos produtivos mediante a aplicación do método científico e un incremento da división do traballo na planificación do proceso produtivo. Ademais, o incremento na estandarización na fabricación facilitou reducir a variedade de produtos e fabricar para o conxunto do mercado en vez de para cada fábrica.

Todas estas novas características vinculadas á Segunda Revolución Industrial implicaban unha serie de novas institucións para que os novos sectores e tecnoloxías puideran enraizar e prosperar. Esta adaptación foi custosa para o Reino Unido, onde emerxera a Primeira Revolución Industrial. Por esta razón, foron outras economías europeas e doutros continentes as que lideraron esta nova fase. Dentro de Europa destaca, con maior ou menor intensidade, o papel desempeñado por Alemaña, Bélxica, Francia ou o norte de Italia. Fóra do vello continente cómpre mencionar os Estados Unidos e Xapón (Zamagni, 2016).

4.2. As transformacións comerciais

Aquelas economías con mellor dotación relativa de capital tendían a exportar produtos intensivos neste factor produtivo, como era o caso dos países industrializados europeos. Este proceso viuse intensificado polos efectos derivados da revolución dos transportes e das comunicacións, ao impulsar a globalización e favorecer o crecemento daquelas industrias que amosaban economías de escala crecentes, como a siderurxia, os transformados metálicos ou as industrias militares. Pola contra, aqueles países cunha abundante dotación en terras de cultivo e/ou baixa dotación en capital, en proporción a súa poboación, especializábanse na exportación de produtos primarios, como era o caso da periferia europea e dos países do Novo Mundo (O'Rourke e Williamson, 1999).

En todo caso, o crecemento da industria, a súa difusión espacial e diversificación sectorial, xunto coa concentración crecente de poboación nos núcleos urbanos levaron ao aumento na demanda de alimentos e materias primas, impulsando tanto o comercio internacional destes bens como as transformacións e modernización no sector agrario. No eido da agricultura, cómpre sinalar que a invasión do mercado europeo de produtos agrícolas americanos, por mor da maior produtividade americana derivada da abundancia de terras fértiles e a dispoñibilidade de transporte barato, causou a crise agraria finisecular. Esta gran depresión agraria do último cuarto do século XIX, afectou especialmente as economías europeas, nuns casos porque as súas explotacións agrarias estaban atrasadas e noutros porque a forte caída de prezos lles chegou nun momento no que estaban moi endebedadas debido aos procesos de transformación e modernización postos en marcha. Isto provocou unha resposta proteccionista por parte das economías europeas (Bairoch, 1989; Graff, Kenwood e Lougheed, 2014).

4.3. Os novos trazos organizativos e produtivos

As esixencias da Segunda Revolución Industrial a nivel empresarial foron diferentes ás correspondentes á Revolución Industrial inglesa, polo que esta última economía tivo problemas para adaptarse e comezou o seu declive. Así, o crecemento de novos sectores cunha maior intensidade en capital e coñecemento especializado, coma o petroquímico, a electricidade ou o aceiro; fixeron necesarios maiores requirimentos de capital e de capacitación da man de obra. Fronte a unha Primeira Revolución Industrial caracterizada por pilotar ao redor da industrial téxtil de algodón e da empresa familiar, estes novos sectores foron froito de innovacións tecnolóxicas que requiriron de fortes investimentos en investigación e capital.

Polo tanto, o modelo de empresario emprendedor que se financiaba con fondos propios, de amigos e de familiares quedou desfasado debido ás crecentes necesidades de capital. Desta forma, xeneralizáronse as sociedades anónimas como figura mercantil que facilitaba a captación de financiamento alleo. O desenvolvemento das bolsas de valores permitía unha maior mobilización de capitais. Asemade, as crecentes necesidades de financiamento tamén facilitaron que a banca industrial gañase relevancia na creación de empresas e no seu financiamento a longo prazo (Cassis, 2006).

Finalmente, o Estado tivo un papel máis activo na Segunda Revolución Industrial do que tivera na primeira. Deste modo, interveu para protexer as industrias nacentes e a certos colectivos prexudicados pola primeira globalización. A crecente organización dos traballadores (sindicatos) e dos empresarios (patronais) non foi allea a esa maior intervención do estado, que se intensificará aínda máis en etapas posteriores.

5.A caída dos prezos dos transportes e a globalización

Durante o período comprendido entre os anos de 1870 e 1913 fortaleceuse a integración dos mercados de produtos e de factores de produción, e asistíuse á converxencia das economías de Europa e de Norteamérica (Comín, 2011). Este proceso globalizador caracterizouse por estar máis motivado por unha considerable baixada dos custos de transporte e a difusión da industrialización, que por ser resultado dun incremento do librecambismo.

A primeira globalización supuxo un proceso de converxencia dos prezos dos produtos primarios e industriais entre América e Europa, así como tamén dos prezos da man de obra. A través da forte emigración europea, os baixos salarios europeos derivados da abundancia de traballo converxeron cara ás elevadas remuneracións relativas de ultramar. Así mesmo, o proceso de converxencia a nivel macroeconómico tamén xurdiu dentro do continente europeo, posto que as economías periféricas, en especial as nórdicas, tenderon a converxer en renda e salarios reais cara ás economías máis industrializadas.

En todo caso, este proceso da primeira globalización e converxencia de prezos de produtos e factores de produción explícase, en gran medida, pola redución de custos nos transportes, tanto terrestres coma marítimos. Por unha banda, a extensión das redes ferroviarias polos países industrializados de Europa e, posteriormente, pola periferia europea e o continente americano permitiu a creación dos mercados nacionais. A integración dos mercados nacionais foi previa á dos internacionais, posto que os custos do transporte terrestre reducíronse en maior contía que os dos marítimos (Comín, 2011). En relación ao transporte marítimo, os buques de vapor adquiriron crecente protagonismo no transporte de ultramar dende 1865, beneficiándose da apertura do Canal de Suez, así como de innovacións técnicas que reduciron os fretes no Atlántico nun 45 %.

6. As reaccións antiglobalización

A Segunda Revolución Industrial e a primeira globalización modificaron tanto as pautas do comercio internacional como o equilibrio do poder económico. Dos crecentes fluxos de mercadorías, traballadores e capital; algúns sectores e economías resultaron beneficiarios e outros prexudicados. Tanto en Europa coma en América, a clase traballadora e o empresariado organizáronse en sindicatos e patronais, co obxectivo de protexerse e facer presión a favor dun maior proteccionismo e intervencionismo do estado (O'Rourke e Williamson, 1999).

As entradas masivas de produtos agrarios en Europa dende América levaron a unha crise de sobreprodución, unha redución dos prezos, así como das rendas e dos salarios agrarios. Por outra banda, os crecentes fluxos migratorios europeos que chegaban ao Novo Mundo creaban tensións, ao reducir os salarios reais, sobre todo nalgunhas áreas de forte entrada de inmigrantes e para certos grupos menos especializados. Así mesmo, nestes países percibíanse as importacións industriais europeas coma un impedimento á industrialización. Polo tanto, en Europa tendeu a protexer o sector agrario, e en América erixíronse aranceis ás importacións industriais europeas e restricións á inmigración (Findlay e O'Rourke, 2007).

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Co obxectivo de afondar e poñer en práctica os contidos teóricos explicados nas sesións expositivas, dedícanse cinco horas interactivas para esta unidade didáctica. Nestas sesións interactivas realizaranse dúas actividades que permitirán ao alumnado afondar en aspectos relacionados coa desigualdade na distribución da renda e do capital no período temporal analizado, así como nos diferentes modelos de industrialización. Antes de comezar cada actividade, formularanse unha serie de cuestións para poder repasar certos conceptos clave para entender e resolver as cuestións estipuladas. Neste sentido, as actividades desta unidade didáctica son as seguintes:

- A primeira actividade pretende abrir o debate sobre os diferentes modelos de industrialización que seguiron á industrialización británica. Os diferentes casos de imitación do modelo británico, tanto en Europa como fóra dela, presentaron singularidades relevantes que son dignas de estudo. Os procesos de industrialización ao longo do século XIX que se analizan son o de Bélxica, Francia, Alemaña, EUA e Xapón (Zamagni, 2016). A cada grupo de traballo asignaráselle na aula un país, polo que, a continuación, terán que examinalo e responder unha serie de cuestións formuladas polo docente. Posteriormente, deberán expoñer as principais características de cada proceso de industrialización ao resto do alumnado nun máximo de 5 minutos. Ao finalizar, o docente sintetizará as similitudes e diferenzas entre os diferentes casos de estudo analizados. A finalidade desta actividade consiste en que o alumnado se aproxime ás diferentes sendas de desenvolvemento industrial existentes no século XIX, e poida sinalar aqueles factores que funcionaron como catalizadores ou inhibidores de dito proceso en cada caso.
- A segunda das actividades propostas consiste na análise, por grupos, de sete extractos do libro «El capital en el siglo XXI» de Piketty (2014). Cada grupo terá que ler, resumir e expoñer ao resto da clase durante un tempo máximo de 7 minutos, as principais ideas do texto que escolleron. A temática dos textos é diversa, pero todos xiran arredor da evolución da desigualdade no reparto da riqueza dende finais do século XVIII ata a actualidade. Neste sentido, os textos describen o papel desempeñado pola inflación ou a débeda pública na desigualdade do reparto da riqueza, o trato que se deu á desigualdade por parte da literatura clásica nos séculos XVIII e XIX; ou a evolución a longo prazo da relación do acervo de capital e o ingreso nacional. Posteriormente a cada exposición, ábrese un tempo para o debate e a formulación de preguntas. Cada grupo terá que elaborar unha presentación dixital que deberá ser previamente entregada a través do Campus Virtual da USC. Con esta actividade, o alumnado poderá analizar diferentes enfoques dun tema tan relevante na ciencia económica, empregando a perspectiva histórica.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Esta unidade didáctica avalíase segundo o sistema de avaliación continua en tres momentos temporais: inicial, procesual e final. A continuación, detállase cada un deles:

- Ao inicio da unidade didáctica, realizaranse unha serie de preguntas para avaliar o nivel de coñecementos previo do alumnado e a súa homoxeneidade. Tamén se poden utilizar afirmacións sobre as que manifestarán e xustificarán o seu acordo ou discrepancia;
- A avaliación procesual ten lugar ao longo de toda a unidade didáctica. Para iso faranse comentarios ou preguntas sobre contidos xa expostos, tanto para comprobar o seu nivel de comprensión e aclarar e reforzar o que sexa necesario, como para relacionalo cos novos contidos. O docente realizará unha avaliación de cada grupo de traballo, así como de cada integrante. Na medida en que xeralmente as clases interactivas están deseñadas para aplicar, reforzar ou ampliar coñecementos expostos nas clases, axudan nesta avaliación;
- Por último, a avaliación final realízase unha vez rematada a materia, para valorar o grao de cumprimento dos obxectivos e de adquisición de coñecementos e capacidades por parte do alumnado.

No sistema de avaliación continua, a cualificación é o resultado de sumar a puntuación obtida nas preguntas do exame referidas a esta unidade e a valoración obtida nas actividades interactivas. Debe indicarse que na valoración global da materia o peso do exame final representa o 70 % da cualificación e as actividades interactivas o 30 %. Deste modo, as actividades vinculadas a esta unidade didáctica permitirán realizar unha avaliación procesual. En relación a estas actividades, unha vez entregada cada tarefa, o profesorado realizará unha valoración cualitativa, tanto no que se refire aos contidos como ás capacidades. Así, infórmase ao alumnado dos aspectos ben realizados e daqueles que pode mellorar, no sentido de estimularlos no proceso de aprendizaxe e achegarlle información útil para o seu futuro desenvolvemento académico e profesional. Finalmente, o exame final constitúe o principal instrumento de avaliación final. Neste sentido, o peso desta unidade didáctica no exame final é, aproximadamente, do 15 %.

En definitiva, o obxecto da avaliación desta unidade didáctica son tanto os coñecementos sobre os contidos que conforman a unidade, como as capacidades que se pretende que o alumnado acade conforme aos obxectivos e actividades propostos. En particular, avaliarase a participación activa nas clases, a capacidade de sintetizar ideas dun texto e opinar fundamentamente utilizando os contidos da unidade, a capacidade de traballar en grupo e as habilidades comunicativas.

BIBLIOGRAFÍA

A continuación, preséntase un conxunto de referencias bibliográficas que pode servir para a preparación dos contidos desta unidade didáctica, así como para afondar na temática abordada. Así mesmo, esta listaxe poderá ser ampliada e adaptada, en función das necesidades e intereses particulares do alumnado ao longo do curso.

ACEMOGLU, Daron e James ROBINSON (2012): *Por qué fracasan los países. Los orígenes del poder, la prosperidad y la pobreza*, Barcelona: Deusto.

BAIROCH, Paul (1989): 'European Trade Policy, 1815-1914', en P. MATHIAS e S. POLLARD: *The Cambridge Economic History of Europe*, Volume VIII, *The Industrial Economies: The Development of Economic and Social Policies*, Cambridge: Cambridge University Press.

CASSIS, Youssef (2006): *Capitals of Capital. A History of International Financial Centres, 1780-2005*, Cambridge: Cambridge University Press.

CHANG, Ha-Joon (2002): *Kicking Away the Ladder: Development Strategy in Historical Perspective*, Londres: Anthem Press.

COMÍN COMÍN, Francisco (2011): *Historia económica mundial. De los orígenes a la actualidad*, Madrid: Alianza.

FELIU MONFORT, Gaspar e Carles SUDRIÀ TRIAY (2013): *Introducción a la historia económica Mundial*, Valencia: Universitat de Valencia.

FINDLAY, Ronald e Kevin O'ROURKE (2007): *Power and plenty. Trade, war and the World Economy in the Second Millenium*, Princeton: Princeton University Press.

GERSCHENKRON, Alexander (1968): *El atraso económico en su perspectiva histórica*, Barcelona: Ariel.

GRAFF, Michael; Albert G. KENWOOD e Allan L. LOUGHEED (2014): *Growth of the International Economy, 1820-2015*, Abingdon: Routledge.

LANDES, David S. (1979): *Progreso tecnológico y revolución industrial*, Madrid: Tecnos.

MADDISON, Angus (2002): *La economía mundial. Una perspectiva milenaria*, Madrid: Mundi-Prensa.

O'ROURKE, Kevin e Jeffrey Williamson (1999): *Globalization and history. The evolution of a nineteenth-century atlantic economy*, London: MIT Press.

PIKETTY, Thomas (2014): *El capital en el siglo XXI*, Madrid: Fondo de Cultura Económica.

POLLARD, Sidney (1991): *La conquista pacífica. La industrialización de Europa, 1760-1970*, Zaragoza: Universidad de Zaragoza.

WILLIAMSON, Jeffrey G. (2012): *El desarrollo económico mundial en perspectiva histórica. Cinco siglos de globalización y desigualdad*, Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza.

ZAMAGNI, Vera (2016): *Una historia económica. Europa de la edad media a la crisis del euro*, Barcelona: Crítica.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA